



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Blanco Pesqueira, Antonia  
Costas González, Xosé Henrique  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
Lameiras Fernández, María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Vilán Vilán, Xosé Antonio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa  
Alonso Carrera, Jaime  
Cabeza Pereiro, Jaime  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
García Fontán, Soledad  
Gutiérrez Nieto, Manuel  
López Díaz, María  
Pérez Rodríguez, María Rosa  
Pou Saracho, Juan María  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Suárez Pazos, Mercedes

### PDI-A:

Caballero Rúa, Armando  
Fernández Souto, Ana Belén  
González Cerdeira, Xulia  
Grande Seara, Pablo  
Graña Rodríguez, Ana María  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana María  
Pereira Domínguez, Alejandro

### PDI-B:

Diz Ferreiro, Paula  
Gil Villanueva, José María

### ESTUDANTES:

Pato Rodríguez, Santiago Eduardo  
Pérez Traseira, Beatriz  
Sánchez Gálvez, Estevo

### PAS:

Cebro Rodríguez, Xan  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Martínez Gómez, César Enrique  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Barreiro Alonso, Enrique  
Comesaña González, Brais  
Pino Juste, Margarita

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 21 de decembro de dous mil doce, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **21 de decembro de 2012**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 12 de novembro de 2012.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2013.
4. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2013.
5. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2013/14.
6. Aprobación, se procede, da extinción dos seguintes títulos de máster universitario: Máster en Economía; Máster en Investigación en Comunicación; Máster en Integración Económica Rexional e Políticas Comunitarias.
7. Aprobación, se procede, do acordo de creación da Escola de Doutoramento da Universidade de Vigo.
8. Informe do Comisionado do Campus do Mar sobre a memoria do Campus do Mar do segundo semestre do ano 2012.
9. Informe sobre a segunda memoria de responsabilidade social universitaria da Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, de cesión de equipos no marco do Proxecto Europeo Plasmaquo.
11. Aprobación, se procede, das equivalencias para a acreditación de nivel en linguas estranxeiras.
12. Aprobación, se procede, do modelo de convenio específico de colaboración para a mobilidade de estudantes visitantes estranxeiros.

13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo entre a Universidade do Minho (Portugal) e a Universidade de Vigo no ámbito da obtención do título de Doutoramento Europeo — Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Hebei Foreign Studies University (China) — Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Hebei Foreign Studies University (China) para o intercambio de estudantes — Convenio marco

de colaboración entre a University of Prince Edward Island, Charlottetown, (Canadá) e a Universidade de Vigo.

14. Elección para cubrir as seguintes vacantes:

- Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado: 1 estudante
- Comisión de investigación: 1 estudante
- Comisión de organización académica e profesorado: 2 estudantes
- Comisión de extensión universitaria e estudantes: 1 estudante

15. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 12 de novembro de 2012.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Reitor.

Toma o reitor a palabra para dicir que durante o ano 2012 se aprobou a Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado, que impide a incorporación de novo persoal durante o ano 2012, fixando, no caso de corpos de funcionarios de persoal docente e investigador das universidades, unha taxa de reposición do 10%.

A continuación, indica que durante o ano 2012 non se contratará ou nomeará persoal temporal, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Neste sentido, informa que a Universidade de Vigo iniciou unha negociación coa Xunta de Galicia co obxecto de conseguir a convocatoria das prazas máis urxentes e necesarias. No marco desta negociación foi posible a convocatoria de 11 prazas de profesorado contratado doutor, para cubrir as prazas do profesorado que remataba a súa vinculación durante o 2012. Deste xeito, ábrese unha vía, dentro da lei, que permite negociar as prazas necesarias de profesorado laboral fixo para 2013, sempre que as condicións económicas o permitan.

No referente á convocatoria de prazas de funcionarios dos corpos docentes, esgotada a taxa de reposición, continuáronse as negociacións para tentar conseguir algunha vía de promoción e convocatoria. Informa que se celebraron xuntanzas na sede do Ministerio de Facenda coa Secretaria de Estado de Orzamentos e Gastos e co Director Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas, sen que polo momento teñamos acadado ningunha vía de convocatoria distinta á de taxa de reposición anual. Di que o equipo de goberno continúa traballando, tanto a través do diálogo directo como promovendo a negociación política entre a CRUE e o Ministerio de Facenda, para chegar a algún acordo que permita a promoción do PDI.

Respecto da aplicación do Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de dedicación do profesorado, comezouse a traballar nas modificacións que se precisen para o curso 2013/14; que serán negociadas co profesorado e cos seus representantes sindicais co obxectivo de suavizar o impacto negativo do decreto, amparándonos para elo na marxe de manobra que proporciona a nota, de 2 de xullo de 2012, remitida polo Ministerio de Educación.

O reitor reitera, que por moito que rexeitemos as leis e as normas, non podemos como institución deixar de cumprilas, xa que a inseguridade xurídica e a debilidade institucional que este comportamento produciría poría en risco os dereitos dos traballadores.

O reitor sinala, que traballando de forma conxunta coas outras universidades do SUG, conseguírase que a Xunta de Galicia asuma os seus compromisos e achegue as cantidades pactadas no plan de financiamento para o pago dos complementos retributivos aos que o PDI ten dereito; á espera da liquidación definitiva, estes pagos faranse efectivos neste mesmo mes.

O reitor di que xa informou na sesión do Claustro, celebrada o pasado luns, das cifras de matrícula finais. Neste sentido, dá conta aos membros do Consello de Goberno de que o número de estudantes de novo acceso aos graos, segundo os datos proporcionados pola CIUG, foi de 3524; dos que 801 corresponden ao Campus de Ourense; 692 ao Campus de Pontevedra e 2.041 ao Campus de Vigo. Esta cifra, que supón 85 estudantes menos que no 2011, é 31 máis que no 2010; isto indica a estabilización do número de estudantes de novo acceso aos graos. Respecto do acceso aos másteres, o número de estudantes de novo acceso foi de 1.707; o que supón un incremento de 135 estudantes. Informa, que o número total de estudantes de máster diminuíu en 130 ao reducirse os másteres que ofertan prazas en máis dun curso; e que o número total de estudantes matriculados sitúase en 22289, a falta de contabilizar os intercambios do segundo cuadrimestre.

Para rematar, o reitor anuncia a substitución, a petición propia, da directora da Área de Estudos de Posgrao, Prof<sup>a</sup> Elena Alonso, polo Prof. Marcos Arias Acuña. Agradece, expresamente, os servizos prestados pola Prof<sup>a</sup> Elena Alonso.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2013.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen informa aos membros do Consello de Goberno que a normativa orzamentaria en vigor establece a necesidade de que as administracións públicas definan un teito de gasto máximo do exercicio, antes da aprobación do correspondente orzamento. Cita as diferentes normativas en vigor, di que cara ao establecemento do teito de gasto da Universidade de Vigo para o exercicio 2013 acada a cifra de 172.132.812 €. Manifesta, que o teito de gasto non se poderá incrementar durante o exercicio 2013, coa excepción daquelas achegas ou subvencións finalistas da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Unión europea ou doutras administracións públicas, para actividades non previstas no orzamento inicial (vide. **Anexo I**).

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2013.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen comeza a súa exposición sinalando que o proxecto orzamentario para o ano 2013 se enmarca nun contexto económico de profunda crise, coincidente cunha política de consolidación fiscal da administración, que limita o gasto respecto dos ingresos. Informa, que á espera de que se aproben os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, o proxecto de orzamento elaborouse partindo da hipótese de que cara ao ano 2013 se cumprirá o que establece o Plan de Financiamento do SUG.

A explicación do proxecto de orzamento para o exercicio 2013 preséntase con apoio telemático e de acordo aos seguintes puntos que a continuación se desenvolven.

En relación ao escenario económico do exercicio de 2013, di que a evolución do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 está ligada á variación da masa salarial, fixada pola Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio. Sinala, que o momento económico no que se pactou esta medida fixo aconsellable a súa introdución. No momento da negociación considerouse como moi positiva, pero actualmente a evolución pode condicionar negativamente, porque todo apunta a que evolucionará en sentido negativo.

Respecto ao estado dos ingresos procedentes de fontes alleas ao Plan de Financiamento, cita, en primeiro lugar, os ingresos por taxas e prezos públicos; di que o equipo de goberno defende a igualdade de oportunidades no acceso ao estudo, polo que rexeita unha suba elevada e indiscriminada das taxas. Engade, que un incremento das taxas, en termos de ingresos, podería provocar o efecto contrario ao que en teoría se busca. Respecto das convocatorias de investigación en concorrencia competitiva, o vicerreitor di que se está a producir unha alarmante redución dos recursos destinados ás mesmas, tanto nas convocatorias da Comunidade Autónoma como nas do Estado; que a intención do equipo de goberno é compensala coa captación de fondos europeos. Respecto dos ingresos procedentes da prestación de servizos a empresas e da transferencia de coñecemento, o vicerreitor sinala que tamén sofren as limitacións financeiras das empresas para a contratación coa universidade. Non obstante, subliña que o resultado na captación deste tipo de ingresos por parte da Universidade de Vigo é claramente positiva neste exercicio.

En canto aos cambios legislativos que impoñen limitacións normativas en materia de gasto, reflexiona especialmente sobre os cambios introducidos polo Real decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

Respecto á aplicación no ano 2013 do Plan de Financiamento do 2011-2015, informa que en tanto non se aproben os orzamentos da CCAA, se descoñece cal vai ser o importe da achega para o financiamento do Sistema Universitario de Galicia. Polo tanto, o proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo elaborouse baseándose na hipótese de que se repite un financiamento idéntico que o ano anterior (394.000.000 €).

Continúa expoñendo a estrutura do Plan de Financiamento para o ano 2013 e os seus distintos compoñentes: financiamento estrutural (85%); financiamento por resultados (10%) e financiamento por mellora de calidade (5%). O vicerreitor di, que tanto o financiamento por resultados como o financiamento por mellora da calidade como o 10% do financiamento estrutural, se reparten con criterios obxectivos, xa aprobados; a previsión é que a achega da Xunta de Galicia á Universidade de Vigo se incremente este ano un 2,35%, pasando dos 103,7 millóns de euros de 2012 a 106.172.606 euros en 2013.

O vicerreitor confía en que se manteñan estes criterios competitivos, por canto non só benefician á Universidade de Vigo, senón tamén ao conxunto do Sistema Universitario de Galicia ao obrigar ás universidades a ser máis eficientes e competitivas.

Respecto ao orzamento de ingresos, o vicerreitor fai os seguintes comentarios: o valor final das achegas á Universidade de Vigo estímase para o exercicio 2013 nun orzamento de ingresos de 163.216.352 €; que ten unha composición moi semellante a do exercicio anterior. O vicerreitor di que é moi importante, porén, no contexto económico no que nos movemos, poñen fin á constante caída de ingresos que dende o exercicio de 2009 se viña producindo.

Neste capítulo, o vicerreitor informa dun lixeiro descenso en ingresos por taxas, prezos públicos e outros ingresos (-0,47%), debido a que no vindeiro curso académico desaparecen os

últimos cursos das licenciaturas, e do éxito na consecución de fondos comunitarios en réxime de concorrencia competitiva; en particular, cos proxectos Táctica (AtlanTic), Biocaps e Green It (Erasmus Mundus), que incrementan de maneira notable os ingresos previstos en concepto de transferencias de capital e permiten amortecer o impacto da perda de fondos noutros capítulos, como as convocatorias estatais e autonómicas en concorrencia competitiva. Di que a cifra total de ingresos é semellante ao 2012.

A continuación expón a participación dos principais capítulos de ingreso no conxunto do orzamento e a evolución dende 2012 a 2013.

Continúa informando sobre o orzamento de gastos. Sinala como datos máis significativos a diminución en gastos de persoal nun -0,38% e en gastos correntes nun -0,35%. En relación aos gastos do persoal, di que sempre constitúen a principal fonte de gasto. Que a redución nun -0,38% é atribuíble á aplicación de toda unha serie de medidas legislativas que limitan as posibilidades de contratación; a unhas máis estritas normas de contratación de persoal docente eventual e interino; ao menor fluxo de entrada de investigadores captados a través dos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño e Parga Pondal, consecuencia da cada vez menor oferta de prazas que se realiza nesas convocatorias e tamén á suspensión do Plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado.

Respecto ao Capítulo VI (investimentos reais), a diminución é de -0,64% en relación a 2012; obedece a que se mantén a política de investimento ligado á consecución de fondos finalistas, dando prioridade á consecución do equilibrio orzamentario. Que o investimento físico se reduce nun -43,53% respecto de 2012. Pola contra, o investimento inmaterial aumenta un 27,80% fronte a 2012. Di que estamos, xa que logo, diante dun cambio substantivo, xa que a redución en investimento de activos físicos estase compensando cun aumento do investimento en activos inmateriais.

O vicerreitor di que o conxunto do gasto continúa na senda da contención, materializándose os aumentos na captación de fondos finalistas que aportan os ingresos para financiar gastos e investimentos concretos. Que se trata de captar proxectos de investigación que se transformen en inmovilizado.

Tamén fai un repaso da composición de gasto por capítulos no conxunto dos orzamentos. Enumera cifras sobre saldo corrente e saldo de capital nunha evolución comparativa dende 2010 a 2013. Ao fío do comentario sobre a situación financeira da Universidade de Vigo durante este período, destaca que no ano 2010, cando este equipo accede ao goberno, os orzamentos presentaban un saldo corrente negativo de 20.000.000 €. Naquel momento, na crenza de que a crise sería conxuntural, decidiuse, con bo criterio, manter o nivel de gasto a pesar da importante diminución dos ingresos. Como é sabido a crise non foi conxuntural, o que obrigou durante estes tres anos a unha moi importante redución do gasto, ata lograr pechar o exercicio 2012 cun saldo corrente positivo próximo a 1 millón de euros.

Respecto ao saldo negativo das operacións de capital en -9.000.000 €, explica que obedece á execución de proxectos con recursos captados en exercicios anteriores, como CINBIO ou Campus do Mar. Subliña, que non é un déficit real, senón un déficit contable provocado polo emprego do sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Continúa coa análise por programas de gasto: docencia; apoio a docencia e alumnado; fomento e desenvolvemento de toda investigación; dotación de fondos bibliográficos etc. Sinala a redución drástica no capítulo de infraestruturas.

Analiza a continuación a xestión da crise que se ven realizando na Universidade de Vigo. Di que a redución orzamentaria dende 2009 a 2013 foi, en valores absolutos, de 19.001.484 €, superior ao 10% do orzamento total, o que provocou un desfase insostible entre ingreso e gasto corrente ao longo dos anos 2010 e 2011. Que, co esforzo de todos, temos sido quen de recuperar o equilibrio orzamentario neste ano de 2012 e de manter o importe do orzamento para o vindeiro exercicio de 2013. Que o reequilibrio tense logrado sen danar de xeito substantivo ao capital humano da institución, mantendo o esencial do emprego, así coma as políticas de transferencias correntes (bolsas, internacionalización, ...). Que, nese período, hai partidas de gasto que se incrementan, nomeadamente o Capítulo IV, de transferencias correntes. Se repartimos a diminución orzamentaria entre os tres principais capítulos de gasto, resulta que: o Capítulo I, de gastos de persoal, absorbeu só o 7,06% da redución; o Capítulo II, de gasto corrente en bens e servizos, absorbe o 22,7% da caída orzamentaria, e o Capítulo VI, de investimentos reais, o restante 70,24%.

En consecuencia, que a redución foi moi contida no Capítulo I, de persoal; que en 2010, este capítulo absorbía o 95% das achegas que proveñen do plan de financiamento e non deixa marxe de actuación, salvo para pagar as nóminas. Que a única ratio asumible é que o capítulo de persoal absorba entre o 75% e o 85%. A principal ferramenta para este reequilibrio está a ser, polo lado do ingreso, o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, que comeza a ter en consideración os resultados das universidades nos criterios de reparto. En segundo lugar, a captación de recursos para proxectos estratéxicos (Campus do Mar, Táctica, Green It, Biocaps, ...) e a vinculación da transferencia de coñecemento á contorna empresarial.

En consecuencia, que o axuste polo lado do gasto vén dado polo control rigoroso do gasto corrente e pola ligazón de investimentos concretos á captación de ingresos finalistas para realizalos. Termina dicindo, que o obxectivo é primar o capital humano e primar obxectivos de investigación cando hai recursos.

Continúa expoñendo as liñas estratéxicas de actuación, tras subliñar que están detalladas na documentación aportada aos membros do Consello de Goberno. Expón, que as liñas xerais de actuación que se propoñen seguir pretenden ser coherentes coa acción de goberno que se vén desenvolvendo dende o inicio do actual período de goberno, ao tempo que se sobrepoñen á desfavorable conxuntura económica e á normativa na que se teñen que desenvolver estes orzamentos. Detense nos compromisos adquiridos co PAS e PDI e a execución ou remate dun conxunto de infraestruturas docentes e de investigación como a seguinte: Centro de Investigación Biomédica (CINBIO), que está previsto rematar a mediados de 2013.

Ábrese unha rolda de preguntas.

O Prof. Armando Caballero pregunta se hai un erro na partida 641 e 641.2 (relativa a axudas á investigación e transferencia). Por outra banda, cuestiona a redución nas axudas propias de investigación e transferencia; di que é grave no momento actual no que non hai financiamento da Xunta de Galicia, máis aínda cando o financiamento por produción investigadora atrásase dous anos.

Non tendo o documento á vista o vicerreitor responde que podería tratarse dun erro, por outra banda, a redución obedece, en parte, a que o ano pasado financiáronse dous anos de produción de investigación; que a caída xa a explicou o ano pasado.

O Prof. Armando Caballero replica que para paliar o atraso se pode convocar a produción científica de dous anos. O vicerreitor dálle a palabra á vicerreitora de Investigación, quen di que está pendente de levar ao Consello de Goberno a convocatoria da avaliación da produción de investigación de 2011 e 2012; co cal quedaría totalmente ao día na valoración de méritos, como demandan os investigadores. Neste sentido, matiza o comentario do Prof. Armando Caballero en relación coa utilización da produción científica de 2008 na valoración e resolución de axudas de investigación, xa que non se utilizou só a produción científica de 2008 na valoración destas axudas da convocatoria 2012.

Xa no que se refire ao pago, a vicerreitora de Investigación informa que se aboará no 2013 a cantidade correspondente á produción de investigación de 2011, e no 2014 a cantidade correspondente á produción de investigación de 2012, co obxecto de manter, dentro das posibilidades económicas globais da institución, os niveis de dotación económica por período avaliado.

Intervén o Prof. Juan Pou para preguntar polas partidas destinadas a execución da fase construtiva do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO) e o equipamento do Módulo Tecnolóxico Industrial (MTI). Felicita ao equipo polo resultado da estabilización no equilibrio orzamentario e que se lograra polo financiamento por resultados. Responde o vicerreitor que se fixo un esforzo para finalizar os centros programados; que para obter éxitos no financiamento por resultados é fundamental a colaboración dos centros e os seus equipos directivos; o obxectivo de futuro é lograr dos centros que se involucren en propostas. Que cos contratos programa se trata de aliñar aos centros, cos seus decanos e directores, coa Universidade na busca dos resultados.

Intervén o Sr. Santiago Pato, en representación do alumnado, para mostrar o seu malestar con que as enquisas de avaliación docente as deixen de realizar os estudantes, para pasar a facelas unha empresa externa. Pregunta, cal será o destino do financiamento destinado a aquelas bolsas.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que a contratación dunha empresa externa ben motivada pola imposibilidade legal de seguir facendo ese traballo a través de bolsas. Que o diñeiro foi incorporado ás bolsas de calidade.

Intervén o reitor para dicir que a iniciativa de que as enquisas de profesorado sexan realizadas por unha empresa externa e non por estudantes a través de bolsas de colaboración, como se viña facendo, non é unha opción política, senón que veu imposta pola estrita aplicación da normativa laboral. Pide a colaboración dos representantes dos estudantes no Consello de Goberno para que transmitan esta información ao resto do alumnado. Opina que o modelo da universidade española, neste punto, afástase doutros modelos europeos, que permiten a realización de tarefas no seo da universidade para sufragar os estudos.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que caben solucións neste campo compatibles coa lexislación laboral.

Responde o reitor que toda información que aporte luz sobre este asunto será benvida, así como en temas de investigación e PDI.

Intervén de novo o Prof. Jaime Cabeza para dicir que, pese a admitir as dificultades económicas actuais, bota en falta unha oferta de funcionarización do PDI. Que, se no ano 2013 non se vai facer unha RPT do PDI, se incumpren compromisos programáticos. Tamén preguntou pola normativa de profesores eméritos. A continuación, pregunta, sendo o orzamento tan restritivo, como se vai levar á práctica a promoción de contratado/a doutor/a a profesor/a titular. Defende que, de paso que se piden as autorizacións á Xunta de Galicia, se faga unha consulta nese sentido. Engade, que coñece do compromiso coa estabilización dos contratados de investigación, pero pregunta como casa manter o plan de promoción coa legalidade orzamentaria. Di que o que é posible para uns colectivos ten que ser posible para todos. Neste sentido, opina que o que ten prioridade é o plan de promoción, porque está aprobado por Consello de Goberno; tamén fai referencia ás prazas de promoción que non pasaron por Consello de Goberno. Remata mostrando o seu desacordo cun documento de orzamentos que, unha vez máis, afonda no desequilibrio entre ámbitos.

Responde o vicerreitor dicindo que a maioría das cuestións suscitadas foron contestadas no informe do reitor. Que na Universidade de Vigo se están abrindo canles de comunicación co Ministerio de Facenda. Que están á espera dunha resposta sobre se as prazas de promoción computan dentro da taxa de reposición en canto ao número de efectivos; que se ten feito un esforzo considerable en abrir canles de negociación ata no seo da CRUE; que non se poden furtar os esforzos para manter o plan de consolidación e cubrir outras necesidades; e que se intenta abrir a vía de consolidación de promoción da carreira académica e a carreira investigadora.

Intervén o reitor para dicir que en función da resposta do Ministerio de Facenda saberase a marxe de manobra; se, respecto ao plan de promoción de titulares e catedráticos, se poden chegar a publicar as prazas no BOE. Con respecto á convocatoria de contratos laborais, estase negociando coa Xunta de Galicia a convocatoria de novas prazas por necesidades académicas en áreas deficitarias e por necesidade de estabilización dos investigadores; trátase de obter respostas antes de que finalicen os seus contratos, para aqueles que cumpren os requisitos académicos.

Intervén o Sr. Xan Cebro, quen di que o Convenio Colectivo do persoal laboral de 2007 establece que a acción social é un importe de 1.500.000 € e que esta cantidade non aparece reflectida no Capítulo I, tal e como estaba recollida nos anteriores orzamentos de 2012. Pregunta en relación a unha posible convocatoria excepcional sobre anticipos que finalmente non foi posible. Opina en contra do borrador de resolución da Xerencia, pola que se modifican as condicións de concesión de anticipos reintegrables, que contempla un máximo de 3000 €, cunha carencia de 6 meses e 24 meses para a devolución do anticipo. Di que debería optarse por outro sistema para afrontar os problemas reais derivados da supresión da paga extra, que se todos os traballadores piden o anticipo sería unha carga inasumible para as arcas da universidade, pois non tería tesourería para facer fronte a tanta solicitude. Continúa facendo reflexións sobre a oferta de promoción de prazas do PAS, problemas xurdidos coa funcionarización, e sobre a negociación da RPT. Remata a súa intervención dicindo que no proxecto de orzamentos non aparece a execución da escola infantil.

Responde o vicerreitor, que a resolución xerencial sobre anticipos pretende dar respostas a problema reais suscitados pola perda da paga extra de decembro, pero que non se estimou necesario facer unha convocatoria específica de concesión de anticipos; que coa actualización das condicións que se viñan aplicando para a solicitude de anticipos reintegrables é máis que suficiente para dar resposta a eses problemas reais que poden estar sufrindo algúns traballadores. Trátase dunha solución razoable, adoptada despois de varias reunións cos representantes sindicais. Engade,



que non debe preocuparse o Sr. Cebro polos posibles problemas de tesourería que puideran derivarse dun incremento notable na solicitude de anticipos, que hai tesourería suficiente.

Respecto da acción social respóndelle que non é certo que nos anteriores exercicios a presentación dos datos diferira do actual e que o compromiso da Universidade neste eido mantense.

Respecto da funcionarización do PAS laboral avanza dentro da estrita legalidade e no marco do resto das negociacións de RPT.

Dálle a palabra ao xerente, quen di que dende a Xerencia agora se dá información detallada de como se aplican os diferentes importes da acción social, sempre no seo da Comisión de Acción Social, e que o Sr. Cebro dispón dela: que a cifra está repartida entre o plan de pensións; no Campus Camp; os premios de xubilación; a matrícula gratuíta dos traballadores etc. Cita cifras, a modo de exemplo indica que o 1,5% da masa salarial do exercicio 2010 acada o importe de 1.230.080,52 €, sendo o valor de referencia para o exercicio 2011 –último pechado- e que a Universidade destinou nese exercicio 1.811.651,05 € a esa función, moi por riba do establecido no convenio colectivo. Resalta o esforzo que se está facendo na Universidade de Vigo en materia de acción social.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez, en representación do alumnado, para cuestionar a partida dedicada a bolsas e insta ao equipo de goberno a buscar as ferramentas necesarias para evitar descensos nas axudas e bolsas ao alumnado, manifestando o seu malestar polo cambio no sistema de enquisas de avaliación docente.

Respóndelle o vicerreitor, afirmando que non diminuíu o importe destinado a bolsas do alumnado, que, simplemente, no orzamento 2013 aparece unha nova clasificación económica. En relación ao cambio no proceso de elaboración das enquisas docentes, xa se ten contestado nunha pregunta anterior.

Procédese á votación.

Votos a favor: 33  
Votos en contra: 3  
Abstencións: 3

Apróbase, por maioría, o orzamento da Universidade de Vigo para o ano 2013 (**Anexo II-CD**).

**Punto 5.** Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2013/14.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza recordando que o marco normativo da Universidade de Vigo, para o cálculo de horas de profesorado empregadas na docencia presencial das ensinanzas de grao, baséase nun procedemento do cómputo global asociado ao indicador denominado tamaño medio de grupo (TMG). Que o valor do mesmo xunto cos datos de matrícula, permite outorgar a cada centro un número de horas de profesorado para distribuír en grupos docentes. Proponse ao Consello de Goberno, aprobar criterios de cálculo de carga docente de titulacións en grao e de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2013/2014. A vicerreitora di que as innovacións

principais, respecto da normativa do ano pasado, son: a) computar a todo o alumnado de nova matrícula máis todo alumno “repetidor”, ata un 15% (en lugar do 12%) dos estudantes de nova matrícula nesa materia; b) en todos os casos de materias de grao xa impartidas en cursos anteriores, incluído primeiro curso, utilizarase para cada materia o cómputo de estudantes cos datos de matrícula do curso 2012/13.

Di que o documento foi aprobado pola COAP, celebrada o día 12 de decembro.

Ábrese unha quenda de preguntas.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para expresar a súa desconformidade co documento; non lle gusta o modelo e discrepa do concepto de tamaño medio de grupo; que considera que xa se discutiu, con motivo da aprobación do Regulamento de Profesorado, e entendeu que desaparecera ese criterio de medición.

A vicerreitora contéstalle que o TMG desapareceu na letra, pero non no fondo. Le detidamente o artigo 5.2 do Regulamento de Profesorado, que indica que *a asignación anual das horas totais de profesorado para cada titulación estará fundamentada na proporcionalidade que se estableza nas normas do PDA anual entre as horas de profesorado e a estimación dos ECTS que se espera ter matriculados. Para a citada estimación considerarase, cando sexa posible, a matrícula anteriormente acadada.*

Procedese á votación:

Votos a favor: 31  
Votos en contra: 3  
Abstencións: 3

Apróbase, por maioría, os criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2013/14 (**Anexo III**).

**Punto 6.** Aprobación, se procede, da extinción dos seguintes títulos de máster universitario: Máster en Economía; Máster en Investigación en Comunicación; Máster en Integración Económica Rexional e Políticas Comunitarias.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen dá conta dos másteres e das razóns do inicio de proceso de extinción. Di que a proposta se aprobou na Comisión de Estudos de Posgrao, celebrada o día 20 de decembro.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, do acordo de creación da Escola de Doutoramento da Universidade de Vigo.

A vicerreitora di que na sesión do Claustro, celebrada o 17 de decembro de 2012, informouse favorablemente a creación de Escola de Doutoramento e que se trata de continuar o procedemento.

Comeza expoñendo o marco normativo que ampara a creación da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo. Entre outras normas, informa do RD 99/2011, polo cal se regulan os estudos de doutoramento, correspondentes ao terceiro ciclo das ensinanzas universitarias; contempla, no seu artigo 9, a posibilidade de que as universidades poidan crear escolas de doutoramento, co fin de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e actividades propias do doutoramento. A vicerreitora di que no documento que se presenta a aprobación se estipulan, entre outros aspectos, as súas principais funcións, estrutura e medios.

Respecto a estrutura da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo, a vicerreitora destaca que contará cun Comité de Dirección, que realizará as funcións relativas á organización e xestión e que estará composto, cando menos, polo/a Director/a; os coordinadores dos programas de doutoramento adscritos á Escola; os coordinadores dos másteres adscritos á Escola, se é o caso; unha representación das vicerreitorías con competencias en estudos de doutoramento, investigación, transferencia e relacións internacionais; unha representación dos doutorandos e do persoal de administración e servizos e tamén unha representación das entidades colaboradoras.

Fai referencia aos requisitos do director da Escola Internacional de Doutoramento, que debe contar con, polo menos, tres períodos de actividade investigadora recoñecidos.

No que se refire ao procedemento de creación e aprobación da Escola de Doutoramento, a normativa autonómica establece que deben pronunciarse ao respecto da creación os seguintes órganos colexiados e nos termos que se indican para cada un deles: acordo do Consello de Goberno da Universidade; informe do Consello Social da Universidade e informe do Consello Galego de Universidades.

Sinala, que a Escola Internacional de Doutoramento ten entre os seus obxectivos que toda a súa oferta de doutoramento obteña a medio-longo prazo o distintivo de mención cara á excelencia (ou distinción equivalente).

Tamén, que a Escola disporá dun regulamento de réxime interno, que aprobará o Consello de Goberno, no que se recollerá, entre outros, a estrutura organizativa da Escola, os dereitos e deberes dos doutorandos, dos titores e directores de teses, así como a composición e funcións das comisións académicas dos programas de doutoramento.

Respecto aos programas de doutoramento, informa que se integrarán inicialmente na Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo os xa adaptados ao RD 99/2011 e aprobados en Consello de Goberno, que dispoñan de informe favorable de verificación por parte do Consello de Universidades e autorización por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a vicerreitora di que en función das últimas conversas co Comisionado do Campus do Mar, se acordou que o programa de doutoramento Marine Sciences, Technology and Management (Do Mar) quedaría incorporado á Escola en tanto en canto non se proceda á creación dunha escola de doutoramento no ámbito do Consorcio do Campus do Mar.

Intervén o Prof. Armando Caballero para preguntar como se vai xestionar a nivel funcional e se se conta con algún tipo de instalacións.

Responde a vicerreitora que sobre a dotación do persoal é unha decisión que se estudará no seu momento. Respecto da sede, di que a Escola terá a súa sede no Campus de Lagoas-Marcosende. Engade que, para un eficaz desenvolvemento das súas actividades de formación e xestión e para o cumprimento dos seus obxectivos, a Escola contará cos medios materiais e humanos propios ou adscritos a outras unidades que resulten necesarios.

Apróbase, por asentimento, a creación da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo (**Anexo IV**).

**Punto 8.** Informe do Comisionado do Campus do Mar sobre a memoria do Campus do Mar do segundo semestre do ano 2012.

O reitor cede a palabra ao Comisionado do Campus do Mar, Prof. Emilio Fernández, que expuxo a memoria de actividades do segundo semestre do ano 2012 e o Plan de acción 2013 (**Anexo V**). Fixo referencia ás misións para a internacionalización do proxecto Campus do Mar, conforme a folla de ruta marcada; a programas de cooperación e desenvolvemento; aos programas de clusters de I+D e novas liñas emerxentes; e a programas de captación de talento. Especialmente, informou que as principais liñas de actuación para o 2013 son, entre outras, a creación do Consorcio Campus do Mar, actualmente en fase de análise xurídica, e a incorporación de novos alumnos e investigadores de doutoramento e posdoutoramento no marco do programa de captación de talento, serán dúas das principais liñas de actuación. A elas haberá que engadir a presentación dos plans estratéxicos dos clusters de I+D e o inicio da redacción e presentación de proxectos a convocatorias competitivas. O comisionado di que seguirá traballando na consolidación do programa de doutoramento e formalizando acordos internacionais con institucións de referencia.

O comisionado resaltou que o Campus do Mar, en apenas dous anos de percorrido, foi quen de acadar a máxima cualificación internacional por parte do Ministerio de Educación, un organismo que veu así a recoñecer o enorme potencial do proxecto en internacionalización, captación de talento e potencial de transferencia.

**Punto 9.** Informe sobre a segunda memoria de responsabilidade social universitaria da Universidade de Vigo.

O reitor dá a palabra ao Comisionado de Plans Estratéxicos, quen di que é a segunda memoria de responsabilidade social universitaria que realiza a institución, dende a presentada o ano pasado. O comisionado explica que o documento deste ano (**Anexo VI - CD**) se realizou co estándar da Global Reporting Initiative, que determina, para este tipo de memorias, os contidos que deben cumprir, así como unha serie de indicadores de desempeño. Di que a Universidade de Vigo pasa, así, a render contas cun modelo estandarizado recoñecido internacionalmente.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, de cesión de equipos no marco do Proxecto Europeo Plasmaquo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen di que a Fundación Ikerbasque e CIC Biomagune asinaron un convenio para a regulación da excedencia do profesor de Universidade de Vigo Luís Manuel Liz Marzán o 26 de setembro de 2012. Que, na cláusula 8ª do citado convenio se detalla a cesión dos equipos adquiridos con cargo ao proxecto Plasmaquo, así

mesmo sinálase que a Universidade de Vigo procederá a ceder a CIC Biomagune o uso e a posesión dos bens e equipamentos adquiridos con cargo a dito proxecto.

O vicerreitor informa, que o prezo da transmisión de ditos bens e equipamentos será o valor neto contable dos mesmos a 1 de setembro de 2012. No anexo número 6 do convenio, prevese que o valor aproximado a 1 de setembro de 2012 deberá ser axustado para determinar o valor real a dita data.

O vicerreitor informa que o tema foi informado pola Comisión de Planificación e Asuntos Económicos na a súa sesión de 18/12/2012.

Por último, solicita a aprobación da cesión a CIC Biomagune do equipamento adquirido no marco do Proxecto Plasmaquo.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, das equivalencias para a acreditación de nivel en linguas estranxeiras.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Relacións Internacionais, quen indica que a Universidade de Vigo debe establecer, dentro da súa estratexia de internacionalización lingüística, os criterios e referencias para acreditar os niveis de competencia en linguas estranxeiras que se poden esixir ou recomendar no desenvolvemento das súas actividades académicas e investigadoras. Propón que a Universidade de Vigo adopte para dita acreditación a táboa de equivalencias de titulacións e certificacións establecida pola Asociación de Centros de Linguas do Ensino Superior (ACLES) e referendada pola CRUE. Dita táboa, actualízase periodicamente en función das actualizacións de dita táboa que faga públicas ACLES.

Apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

**Punto 12.** Aprobación, se procede, do modelo de convenio específico de colaboración para a mobilidade de estudantes visitantes estranxeiros.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Relacións Internacionais, quen pasa a presentar o modelo de convenio específico de colaboración para a mobilidade de estudantes visitantes estranxeiros. Sinala, que o modelo de convenio pretende axilizar o establecemento de acordos entre a Universidade de Vigo e outras institucións de ensino superior internacionais, para que os seus estudantes se despracen á Universidade de Vigo para cursar parte dos seus estudos. A diferenza dos programas de intercambio, onde a mobilidade se realiza entre ambas institucións asinantes baseada en criterios de reciprocidade, neste caso o modelo establece as condicións nas que os estudantes estranxeiros poden acadar o status de estudante visitante na Universidade de Vigo, as súas obrigas, incluídas ás referentes ao custo da matrícula, e os seus dereitos. Dito modelo recibiu o informe favorable da Asesoría Xurídica. Terminada a exposición o vicerreitor de Relacións Internacionais propón a aprobación da proposta por asentimento.

Apróbase, por asentimento, o modelo de convenio específico de colaboración para a mobilidade de estudantes visitantes estranxeiros (**Anexo VIII**).

**Punto 13.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo entre a Universidade do Minho (Portugal) e a Universidade de Vigo no ámbito da obtención do título de Doutorado Europeo — Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Hebei Foreign Studies University (China) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Hebei Foreign Studies University (China) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a University of Prince Edward Island, Charlottetown, (Canadá) e a Universidade de Vigo.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 14.** Elección para cubrir as seguintes vacantes:

- Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado: 1 estudante
- Comisión de investigación: 1 estudante
- Comisión de organización académica e profesorado: 2 estudantes
- Comisión de extensión universitaria e estudantes: 1 estudante

Non se presentaron candidaturas, polo que non procede realizar eleccións.

**Punto 15.** Rogos e preguntas.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para preguntar en relación ás prazas do vindeiro plan de promoción. Solicita que non se restrinxa a solicitude de prazas a un número determinado, se o financiamento da universidade o permite, e que se intente conseguir o maior número de prazas ante a posibilidade de que a situación económica empeore.

Responde a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, indicando que aínda non se iniciou o proceso ligado á convocatoria de promoción do ano 2013.

Intervén a Prof<sup>a</sup> Edita de Lorenzo, facendo un rogo sobre se se pode estudar a posibilidade dunha convocatoria extraordinaria naquelas materias de licenciatura LRU que extinguiron docencia e dereito a exame.

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para preguntar se é posible facer prácticas nas facultades ou escolas.

Respóndelle o vicerreitor de Transferencia e Coñecemento que a normativa impide realizar prácticas externas curriculares nos centros.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez, en representación dos alumnos, para expoñer a situación dos alumnos que non superen materias de licenciaturas que pasen a estar definitivamente extinguidas; ao seu xuízo, hai materias cun número de suspensos elevado e pregunta como se vai xestionar a forzosa incorporación nos graos dun alto número de estudantes procedentes deses procesos de extinción.

Responde a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que hai que atender ao cronograma de extinción das materias, xa que primeiro se extinguen as materias e despois os exames; o estudante pasa a grao ou segue na licenciatura e podería someterse ao proceso de avaliación curricular.

Intervén o Sr. Federico Fernández coa o intervención que figura no **Anexo IX**.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas do día 21 de decembro de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral

M<sup>a</sup>. Inmaculada Valeije Álvarez